

AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DE TERRAZAS EN ESPAZOS DE USO PÚBLICO

TITULARIDADE: Sección de Licenzas de Uso de Dominio Público (Área Municipal de Seguridade e Mobilidade)

TIPOS DE TERRAZAS

Terraza sen peche estable: composta por elementos móbiles e desmontables e sen cuberta fixa ou estable, incluídas as que contén con toldo enrolable á fachada.

Terraza con peche estable: composta por elementos fixos e móbiles, facilmente desmontables, cerrada na totalidade ou parte do seu perímetro e cuberta.

HORARIO DE FUNCIONAMENTO DAS TERRAZAS

Horario de inicio: ás 8.00 h

No caso de **áreas peonís** con horario habilitado para realizar labores de carga e descarga, o inicio do horario da instalación será o de finalización do horario establecido para os ditos labores.

Horario de peche:

Primavera e outono: (maio, xuño e setembro): de luns a xoves e domingos, ás 00.30 h. Venres, sábados e véspera de festivos, á 1.30 h.

Verano (xullo e agosto): ás 2.30 h

Inverno (de outubro a abril): de luns a xoves e domingos, ás 23.30 h; venres, sábado e véspera de festivos ás 00.30 h

O **horario de inicio e peche** indicado poderase reducir atendendo ás circunstancias de índole sociolóxica, ambiental ou urbanística que puideren concorrer en cada caso, ou cando se comprobouse a transmisión de rúidos que lles orixinen molestias aos veciños, especialmente en Zonas Acusticamente Saturadas – ZAS.

Tamén poderán ser modificados, por circunstancias xustificadas, mediante unha resolución da concellaría competente ou dun acordo da Xunta de Goberno Local, dentro das marxes que concede a lexislación vixente ou mediante un bando para as modificacións temporais dos horarios por datas concretas de interese da cidade, época de festas etc.

REQUISITOS

- Que a licenza de actividade estea en vigor. Poderase formular a solicitude se a licenza se encontra en tramitación, se ben non se poderá conceder ata que se estea en posesión desta.
- Non ter débedas coa Facenda Municipal (comprobarase de oficio).
- Dispor dun seguro de responsabilidade civil e de incendios que inclúa a terraza.

Poderá solicitar a autorización para a instalación de terraza a persoa titular da licenza de actividade do establecemento.

DOCUMENTACIÓN PARA A SOLICITUDE POR PRIMEIRA VEZ

Durante o ano 2014, as solicitudes que se presenten deberán ir acompañadas da documentación indicada neste apartado, con independencia de que obtivese autorización en anos anteriores.

Documentación xeral:

- [Impreso de solicitude](#) no que debe figurar, ademais dos datos do/a solicitante e do establecemento, se o emprazamento proposto é de dominio público ou privado de uso público, así como o tipo de instalación de terraza e o período de tempo de ocupación solicitado (pódese recoller nas oficinas de información e rexistro ou descargar desde a páxina web www.coruna.es).
- Copia do DNI ou CIF da persoa solicitante.
- Copia da licenza de apertura do establecemento ou referencia ao seu expediente de outorgamento. En caso de se encontrar en tramitación, copia da solicitude (con rexistro de entrada).
- Memoria descritiva do tipo de ocupación que se vai realizar e relación detallada de todos os elementos de mobiliario e auxiliares que se pretenden instalar, onde se indiquen a súa clase, natureza, número, dimensións, cores e características (conterá fotografías, infografías ou catálogo, no seu caso), así como a superficie que se vai ocupar en m².

- Documentación fotográfica da fachada do establecemento e do espazo exterior en que se pretenda situar a terraza.
- Plano de situación ou emprazamento do establecemento segundo a cartografía municipal (pódese obter no Rexistro da Área Municipal de Urbanismo).
- Plano de distribución acoutado en planta da terraza a escala 1:50 ou 1:100 (tres exemplares) no que se reflectan:
 - A fronte da fachada do establecemento e acceso a este.
 - Elementos de mobiliario que se pretendan instalar colocados en disposición de servizo ao usuario.
 - A superficie total que van ocupar os elementos que compoñen a terraza.
 - Franxas de itinerario peonil libre.
 - Localización de calquera elemento situado na área de influencia da ocupación, con indicación da distancia existente entre a terraza e os ditos elementos (pasos de peóns coas súas rampas de acceso e bandas de identificación, elementos de sinalización e mobiliario e equipamento urbano, accesos de inmobles lindeiros, saídas de urxencia, vaos, rexistros e arquetas de servizos, paradas de transporte público, árbores e alcorques, zonas axardinadas etc.)
- Documento acreditativo da vixencia e pagamento da póliza de responsabilidade civil.
- Acreditación documental da conformidade dos/as titulares das fincas lindeiras, no suposto de terrazas que discorran xunto á fachada e ocupen as fronteiras destes.
- Documentación específica que no seu caso se esixa, no anexo para determinadas instalacións (tarima, instalación eléctrica, calefactores etc.).
- Aboamento da taxa establecida regulada na [Ordenanza Fiscal nº 3](#) (epígrafe 9 do art. 5) e na [Ordenanza Fiscal nº 28](#).

Documentación para terrazas con peche estable:

Ademais da indicada no punto anterior, débese presentar:

- Estudo asinado polo/a técnico/a competente (tres copias), que conterá:
 - Memoria descritiva das características da instalación da terraza e na que se acreditará expresamente o seu carácter desmontable.
 - Plano de planta xeral.
 - Plano de planta dos elementos de cubrición superior, no seu caso, en que se reflectan pendentes, puntos de recollida de augas etc.
 - Plano alzado (laterais, frontal e posterior) e seccións.
 - Planos de estrutura, nos que se reflectirá, especificamente, o sistema de suxeición ou apoio, no seu caso.
 - Planos de instalacións, no seu caso.
 - Planos de detalles (presentándolles atención especial aos detalles de unión e nós entre elementos estruturais).
 - Anexo de cálculo da estrutura.
 - Xustificación acerca da adecuación da instalación pretendida sobre prevención e extinción de incendios e evacuación.

Así mesmo, indicárase expresamente, no seu caso, que as instalacións (climatización, iluminación etc.) se proxectan conforme á normativa vixente.

- Documento de autoliquidación e ingreso da fianza establecida nos casos previstos.
- Certificado de fin de instalación, asinado polo/a técnico/a competente (unha vez realizada).
- Se a documentación non estiver visada, deberase achegar unha declaración expresa do/a autor/a da documentación.

Documentación para terrazas situadas en espazos privados de uso público:

Nestes casos, ademais, débese presentar:

Documento acreditativo da autorización dos titulares do emprazamento.

En caso de comunidades de propietarios, a autorización para o seu uso deberá estar subscripta polo/a representante legal desta, mediante un acordo adoptado para tal efecto.

DOCUMENTACIÓN PARA A RENOVACIÓN (para autorizacións referidas do ano 2015 en adiante)

A renovación realizarase anualmente nos prazos establecidos.

Cando concorra calquera variación con respecto á última autorización administrativa, deberase solicitar unha autorización nova (achegando a documentación especificada para as solicitudes por primeira vez).

Documentación xeral:

- [Impreso de solicitude](#) no que deben figurar, ademais dos datos da persoa solicitante e do establecemento, se os emprazamento proposto é de dominio público ou privado de uso público, así como o tipo de instalación de terraza e o período de tempo de ocupación solicitado (pódese recoller nas oficinas de información e rexistro ou descargar desde a páxina web: www.coruna.es).
- Declaración xurada de que non se modificaron as circunstancias que motivaron o outorgamento da autorización anterior, en que se indique a referencia do expediente.
- Documento acreditativo da vixencia e pagamento da póliza de responsabilidade civil.
- Acreditación da vixencia da conformidade dos titulares lindeiros cando a terraza se sitúe xunto á fachada e ocupen as frontes destes.
- Aboamento da taxa establecida regulada na [Ordenanza Fiscal nº 3](#) (epígrafe 9 do art. 5) e a [Ordenanza Fiscal nº 28](#).

Documentación para terrazas situadas en espazos privados de uso público:

Nestos casos, ademais, débense presentar:

Documento acreditativo da autorización das persoas titulares do emprazamento.

En caso de comunidades propietarias, a autorización para o seu uso deberá estar subscripta polo representante legal desta mediante un acordo adoptado para tal efecto.

PRAZO DE SOLICITUDE (POR PRIMEIRA VEZ E RENOVACIÓN)

Prazo ordinario: do 1 de outubro ao 15 de decembro do ano anterior ao de instalación da terraza.

Durante o ano 2014, ampliase o prazo de solicitude ata o 31 de maio.

Solicitudes fóra de prazo: non se admitirán a trámite, salvo nos seguintes casos:

Establecementos hostaleiros con licenzas de apertura posteriores.

Establecementos cuxa licenza de apertura cambie de titularidade.

As que se refiran a unha regularización dunha ocupación de espazo público realizada sen autorización, logo do pagamento da sanción.

Cando se modifique a configuración do espazo público e iso posibilite a instalación da terraza.

As que se refiran á adecuación de mobiliario e elementos auxiliares da terraza ás determinación e criterios establecidos na ordenanza.

VIXENCIA

Autorización temporal: do 1 de abril ao 30 de setembro (ambos incluídos)

Autorización anual: do 1 de xaneiro ao 31 de decembro (ambos incluídos)

INFORMACIÓN FISCAL:

Durante os exercicios 2014 e 2015, está prevista unha bonificación do 50% sobre as tarifas de aplicación (art. 6.6 da ordenanza fiscal 28) para aquelas terrazas que cumpran os seguintes requisitos:

- Que se trate dunha terraza sen peche estable.
- Que os elementos de mobiliario e demais elementos auxiliares resulten homologables de acordo cos novos criterios da ordenanza vixente.
- Que conte con elementos axardinados en proporción adecuada e integrados esteticamente (sirvan ou non como elementos delimitadores).

- Que supoña unha mellora estética, de deseño, calidade e mellor integración no contorno.

Esta bonificación deberá ser solicitada expresamente pola persoa interesada, polo que, no seu caso, deberá indicalo na súa solicitude. Será necesario achegar a factura ou o documento acreditativo do pagamento pola adquisición de novos elementos.

LUGAR DE TRAMITACIÓN

Rexistro da Área Económica Municipal

NORMATIVA

[Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazo de uso público](#), aprobada definitivamente na sesión do Pleno realizada o 6 de maio de 2013

[Aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público](#), publicada no BOP n.º 100, do 28 de maio de 2013 (**entrada en vigor: 14 de xuño de 2013**)

[Competencia sancionadora](#), publicada no BOP n.º 207, do 30 de outubro de 2013